



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA APERTURA DO SOBRE COA XUSTIFICACIÓN DOS VALORES DAS OFERTAS ANORMALMENTE BAIAS DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA REFORMA DE INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN PÚBLICA EN REDONDELA

Expte nº: 6706/2018

Título: Reforma de instalación de iluminación pública en Redondela (Remante de Tesourería)

Lugar de celebración: Sala de Xuntas anexa ao Departamento de Alcaldía do Concello de Redondela

Data e hora: un de marzo de dous mil dezanove ás 10:00 horas

Asistentes:

Presidente: **Javier Bas Corugeira**, alcalde.

Vocais: **Carlos López Quintáns**, secretario xeral do Concello.

Ángel Santamariña Rivera, interventor municipal.

Secretaria: **María Guillán Montero**, administrativa de Administración Xeral adscrita ao Departamento de Secretaría.

Orde do día:

1º) Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acto non público).

2º) Apertura do sobre que contén a documentación presentada polos licitadores cuxas ofertas estaban incursas en presunción de anormalidade para xustificar os valores das mesmas (acto non público).

3º) Acordo sobre remisión ao técnico competente para a emisión de informe ao respecto (acto non público).

Constituída a Mesa, procédese en primeiro lugar a someter a votación a acta da sesión anterior celebrada o día 15.02.2019 que resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

De seguido o secretario xeral do Concello comunica que, tal como se acordou na sesión anterior, se requiriu, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público con data do 19.02.2019, ás dúas empresas, New Energy Concept 2020, SL e Amys Ingeniería, SL, cuxas ofertas estaban incursas en presunción de anormalidade de acordo cos criterios establecidos na cláusula 11ª do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe á licitación, aprobado por resolución da Alcaldía núm. 3793/2018 de data 30.12.2018, para que, no prazo de tres días, xustificasen as ofertas económicas formuladas e que estas presentaron tamén a través da Plataforma os días 20 e 22 de febreiro, respectivamente, os sobres que conteñen a documentación coa



CONCELLO DE REDONDELA

xustificación realizada.

A continuación procédese a apertura mediante dispositivo electrónico dos sobres das dúas empresas licitadoras, New Energy Concept 2020, SL e Amys Ingeniería, SL, que conteñen a documentación coa xustificación da oferta realizada.

Finalmente a Mesa de Contratación a Mesa acorda, por unanimidade dos seus membros, que se remita a documentación presentada polas dúas empresas ao enxeñeiro técnico industrial que presta servizos para o Concello, Yago Bangueses Fernández, para que emita informe sobre a xustificación dos valores anormais das ofertas e posteriormente se convoque unha nova Mesa de Contratación.

A Presidencia da por rematado o presente acto e para constancia do tratado, redáctase a presente acta, que asino electronicamente xunto co Presidente, de todo o que, como secretaria, dou fe.